

TEMPADA 2017



CENTRO DEPORTIVO

LIGA DE FÚTBOL 3X3

Bases e regulamento

PRAZO DE INSCRICIÓN

Ata o día **10/03/2017**

LUGAR DE INSCRICIÓN

Cumprimentar e entregar a folla de inscrición no centro ou enviándoa por mail a **info@indoorvilalba.com**

CATEGORÍAS

SÉNIOR (A partir de 16 anos)

INICIO DA COMPETICIÓN

Dará comezo o día **20 de Marzo**.

O calendario será notificado aos equipos participantes o día **19 de Marzo**.

DURACIÓN DA LIGA E DÍAS DE DISPUTA DOS PARTIDOS

A Liga disputarase entre os meses de **Marzo e Maio**.

Os partidos disputaranse de **LUNS a VENRES**, e o horario será de **20:30h a 23:30h**

PREZO E PREMIOS

Inscrición: SOCIO (30€) / NON SOCIO (35€)

Partido: SOCIO (1€) / NON SOCIO (3€)

Poderase patrocinar un equipo por parte dunha empresa ou marca.

Haberá trofeo para o equipo **CAMPIÓN, SUBCAMPIÓN**, e **XOGO LIMPO** e para o **xogador/a que MÁIS GOLES ANOTE** en cada unha das categorías.

REGRAS DE XOGO

SISTEMA DE XOGO E PUNTUACIÓN

A competición estará estruturada nunha liga, onde se enfrontan todos os equipos dentro da mesma categoría en ida e volta. Posteriormente farase un *play off* polo título, onde se enfrontarán o 1º da serie regular contra o 4º e o 3º contra o 2º clasificado, xogando a final os gañadores das dúas eliminatorias. Haberá ademáis partido polo 3º e 4º posto. Ao remate da LIGA, dará comezo a **COPA DA LIGA**, na que se enfrontarán en dúas eliminatorias o 1º e 4º clasificado e o 2º e 3º clasificado, segundo queden nos postos no *play off* polo título. Non haberá partido polo 3º e 4º posto na Copa.

Os partidos durarán **30 minutos**, cun pequeno descanso aos 15 minutos de xogo e gañará o equipo que máis goles marque ao remate do tempo establecido; en caso de que sexa igual o número de goles marcados, o partido darase por empatado.

Sistema de puntuación:

Partido gañado: 3 puntos.

Partido empatado: 1 punto.

Partido perdido: 0 puntos.

Para a clasificación, terase en conta:

1. Puntos conseguidos
2. *Gol average*
3. Goles a favor
4. Goles en contra
5. Equipo con mellor *xogo limpo*
6. Partido de desempate, con penaltis en caso de empate

En cada partido farase un sorteo inicial entre os capitáns dos 2 equipos. O gañador elixirá entre sacar de inicio ou zona do campo onde comezar o encontro. Tralo descanso, sacará o equipo contrario ao que sacou no inicio e cambiarase de campo.

No saque inicial os equipos deberán permanecer no seu propio campo ata que o balón se poña en xogo. O saque poderá executarse hacia o campo contrario ou propio e poderá facelo un xogador só. Será válido o gol directo no saque.

Despois de marcar un gol, sacará de centro o equipo que o encaixou. O saque executarase igual que no saque inicial coa diferenza de que non é necesario que todos os integrantes do equipo contrario estean situados no seu propio campo.

Poderase marcar gol dende calquera zona do campo. O gol non será válido se algún dos compoñentes do equipo que marca está dentro da propia área.

Poderase xogar contra as paredes, pero sen suxeitarse ou apoiarse nelas.

Ao xogar sen porteiro, non se poderá entrar a defender dentro da área de meta, e en ningún caso haberá fóra de xogo.

EQUIPOS

Cada equipo estará formado por un **mínimo de 6 xogadores/as e un máximo de 9 xogadores/as**. Ao comezo do partido, haberá 3 xogadores/as por equipo e unha vez comece o partido, poderanse facer tantos cambios como se queiran, entrando sempre o xogador/a do banco despois de que abandoe o campo o xogador substituído.

TERREO DE XOGO

As medidas do terreo de xogo son 20 metros x 10 metros. Estará delimitado por un cercamento de vidro templado de 2 metros x 1 metro, suxeitado este por unha estrutura metálica de cor negra. Hai unha rede que impide que o balón saia fóra da pista. A superficie é de céspede sintético de cor verde recuberto con area. O calzado co que se xogará será tipo *TURF* ou outro calzado deportivo axeitado.

SAQUE DE BANDA E PORTA

Sancionaranse ambos saques cando o balón saia por encima do cercamento que delimita o campo e toque a rede. No caso de que o balón saia polo fondo, e o saque é favorable ao equipo atacante, sacárase dende a esquina máis próxima a da saída do balón. Sacárase dende calquer punto da línea de fondo se o saque é favorable ao defensor.

Os saques faranse a balón parado dende o chan, respetando o equipo contrario, en todos os casos, 2 metros de distancia para o xogador/a que saca. Deberase realizar o saque antes de 5 segundos, senón, executará o saque o equipo contrario.

FALTAS

Todas as faltas son directas e a barreira colocase a 2 metros do balón.

No caso de ser máis cerca dos 2 metros do límite da área, a barreira colocase no punto da área de meta máis próximo ao balón, respetando a distancia regramentaria de 2 metros de distancia.

Se un defensa corta dentro da área un balón que non vai para gol (sempre que o golpeo proceda dun xogador/a do equipo contrario), sancionase falta ao borde da área. A falta sacase a 2 metros do borde da área na dirección que procedía o último golpeo.

PENALTI

O penalti lanzase dende o punto central debendo estar todos os xogadores detrás do balón.

Poderase saír ao rexeitamento xusto despois de que o xogador/a execute o lanzamento. No caso de facelo antes, repetirase o penalti.

Sancionase con penalti

- Agredir un contrario.
- Protesta grave.
- Interrupción dun xogador/a do banquillo co balón en xogo.
- Deter dentro da área de meta un balón que vai para gol.
- Acumular 5 faltas un equipo nunha das partes.

TARXETAS

Amarela

- Faltas reiteradas
- Xogo perigoso

- Protesta leve
- Interrupción dun xogador/a do banquillo co balón en xogo.
- Deter dentro da área de meta un balón que vai para gol.
- Cortar o balón intencionadamente nos saques e faltas, sen respetar os 2 metros de distancia.

Vermella

- Agresión
- Protesta grave

A dobre tarxeta amarela nun mesmo partido será sancionado con expulsión. Neste caso non acarreará suspensión do próximo partido. Poderá entrar un suplente para substituír ao xogador/a expulsado/a.

No resto de casos, a sanción para o xogador/a será:

ACUMULACIÓN DE 3 TARXETAS AMARELAS: 1 partido de sanción.

INSULTO GRAVE: 10€ e 2 partidos de sanción. No caso de non facer fronte ao pago, o xogador/a será expulsado da competición.

AGRESIÓN: 30€ e expulsión da competición.

No caso de que un xogador/a que estivese sancionado, disputase un partido, daríase por perdido o partido por 3 goles a 0, sen sanción.

OUTRAS REGRAS

- En caso de retirarse un equipo da competición por decisión expresa dos seus integrantes, todos os resultados deste equipo non serán tidos en conta. O equipo terá que aboar unha multa de 100€, no caso de non estar suficientemente xustificada a súa saída da competición.
- Os integrantes dos 2 equipos deberán estar presentes e listos para xogar á hora de comezo marcada pola organización. No caso de que despois de 10 minutos da hora marcada pola organización, un equipo non conte con 3 xogadores/as como mínimo para o inicio do partido, daráselle por perdido o encontro por 3-0, e sancionárase cunha multa de 20€.
- Para aprazar un partido, deberase avisar ao persoal do centro cunha anterioridade de 24h do partido, sendo o motivo para o aprazamento

suficientemente importante. Marcarase o partido aprazado nunha data acordada polos integrantes de ambos equipos, respetando sempre o horario da competición. De non chegar a celebrarse o partido aprazado, darase por perdido para o equipo que o aprazou por 3 a 0, sempre e cando o outro equipo non poda disputalo por razóns xustificables. Se a organización detecta que non hai dispoñibilidade do outro equipo para disputar o partido, o resultado non se tería en conta para a clasificación.

- O centro aportará indumentaria para diferenciar os equipos, se ben cada equipo poderá ter equipación propia.
- Poderase dar de ALTA e BAIXA un xogador/a durante a competición, pagando un prezo de inscrición diferente dependendo das xornadas que resten ata o remate da competición.
- En cada partido, cada equipo poderá alinear xogadores ata o inicio dos segundos 15 minutos, sempre e cando estén presentes no centro.
- No caso de que un equipo se quede con menos de 3 xogadores/as nos primeiros 15 minutos, daráselle o encontro por perdido por 3 goles a 0 no caso de ser o equipo que vai gañando e manterase o resultado no caso de ser o equipo que vai perdendo. No caso de quedarse con menos de 3 xogadores/as nos segundos 15 minutos, e sempre antes dos últimos 5 minutos finais, daráselle o encontro por perdido por 3 goles a 0 no caso de ser o equipo que vai gañando e manterase o resultado no caso de ser o equipo que vai perdendo. Nos últimos 5 minutos o equipo poderá seguir xogando, respetando o resultado final se decide seguir xogando.
- Un mesmo xogador/a non poderá participar en 2 equipos diferentes da Liga.
- Non poderá estar na zona de bancos ningunha persoa allea á competición.
- O persoal do centro será o encargado de supervisar e arbitrar os partidos.
- Ao rematar o encontro débese saudar ao rival.
- Fomentarase o xogo limpo e a deportividade.
- Deberanse empregar os mellores esforzos para gañar un partido. Non se deberá deixar gañar ou non disputar un partido debido a que isto poda perxudicar a un

terceiro. Estos casos serán estudiados pola organización en caso se ser detectados ou denunciados por algún xogador/a.

- Non se permitirán insultos, agresións nin xestos incorrectos contra o xogador/a rival e público asistente, nin o maltrato de material propio ou alleo, nin en definitiva calquera conduta antideportiva que intimide ao contrario e poda influír no resultado do partido.
- Cada equipo terá un delegado/a, que será a persoa á que se lle farán as diferentes comunicacións e a responsable do equipo ante o centro.
- O calendario e clasificacións subiranse na web **www.indoorvilalba.com**, actualizándose semanalmente.
- A organización pasará a cada delegado/a unha folla de contactos de todos os delegados/as dos equipos para calquera comunicación entre eles.
- INDOOR VILALBA S.L. farase cargo das lesións acaecidas durante a disputa dos partidos, mediante a contratación dun seguro de accidentes coa compañía aseguradora *ALLIANZ*.
- A organización resérvase o dereito de sancionar calquera conduta que considere incorrecta, actuando segundo a gravidade da mesma e interpretando as bases en eventualidades non previstas, así coma excluír da competición a calquer equipo cuxo comportamento non sexa o axeitado.
- A dirección do centro fará todo o posible por adecuar o calendario da competición ás preferencias de todos os equipos, non sendo posible en todos os casos atender ás súas peticións.
- Todos/as os participantes deberán estar ao corrente de pago dos abonos e tarifas que estipula o centro. No caso contrario, poderáselle notificar a súa expulsión da competición.
- Para calquer caso que non esté recollido neste regulamento, o órgano directivo do centro ditaminará o que sexa oportuno.
- **Cos cartos ingresados polas sancións e multas, faranse agasallos ao final da tempada para todos os participantes.**